

Varios presentados na Mesa Sectorial pola CIG-Ensino

Queixa pola censura informativa da Xunta de Galiza nas instalacións de San Caetano

Denunciamos o comportamento da Xunta o pasado 12 de febreiro na entrega dun escrito dirixido ao presidente Núñez Feijóo. É a primeira vez que o goberno galego impide que os xornalistas poidan cubrir un acto de entrega dun escrito e tomen declaracións dentro de San Caetano. É unha vergoña e solicitamos formalmente que se anulen as instrución que impiden os medios facer correctamente o seu traballo.

Resultas sen cubrir no CXT

Segundo a información proporcionada pola Subdirección Xeral as resultas creadas en PES ou Primaria pola xente que concursou a Adultos ou a Orientación non están cubertas nesta resolución provisional, serán cubertas na definitiva. **A administración dinos que é un tema que poden variar, se así o solicitamos, para o próximo concurso.**

Esiximos que se axilice a resolución das listaxes de substitucións

Está esgotada a listaxe de Debuxo e a piques de facelo as de Inglés e Francés do corpo de Mestras. Aínda así e malia se teren aberto as listas nalgúns casos en novembro non están

aínda as listas publicadas. Tal é o caso de Debuxo, Alemán e Organización e proxectos de sistemas enerxéticos. En Debuxo están chamando a persoas doutras listas. **Asumen o retraso achacándoo á baremación do CXT e ás moitas instancias presentadas nestas listaxes, anuncian que nesta semana xa van publicar algunhas resolucións provisionais.**

Permiso de lactación recortado en caso de solicitudes de excedencia por coidado de crianza

Temos coñecemento de que as Xefaturas Territoriais están á espera dunhas instrucións da Dirección Xeral para recortar o permiso de lactación no caso daquelas nais ou pais que van coller xusto a continuación deste permiso unha excedencia por coidado da súa crianza, recalculando a duración do permiso sen computar o tempo da excedencia. Entendemos que é discriminatorio e que se deben gozar as 4 semanas completas.

A administración di que así vai ser, que só computan para a lactancia o tempo realmente traballado no primeiro ano da crianza, polo cal a excedencia, incluso a do coidado da crianza, non computa e as lactancias veranse recortadas de ter solicitada a excedencia. De solicitar a excedencia unha vez gozada a lactancia non descartan solicitar a devolución de haberes.